

Nº 1614

PUBRICACIÓNS do
SEMINARIO de ESTUDOS GALEGOS
SEIZÓN de PREHISTORIA

Catálogo dos Castros Galegos

FASCÍCULO II


Terra de Celanova



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 5076

Biblioteca



PUBLICAZÓNS DO "SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS"


SEIZÓN DE PREHISTORIA

CALÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

Fascículo II

TERRA DE CELANOVA

NÓS, Publicazóns Galegas e Imprenta, Real 36-1.º A CRUÑA - 1928








GRÁFICO DA TERRA DE CELANOVA



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

BATALEGG FOR COMIERS BATALEGG



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

SEIZÓN SEGUNDA

TERRA DE CELANOVA

Queda comprendida ista terra de Celanova no curso meio do río Arnoia, entre os outos de Corbillón, que cinguen pol-o oeste a vila de Allariz, e a vizosa valgada de Ramirás, regada pol-o Tuño.

Determiñan iste anaco de cunca, pol-o norte e facendo a divisoiria co río Miño, os Castros de Trelle (600 metros de altitude) e unha ringla de outeiros mais baixos que van pol-a Manchica e pol-a Merca á rematar seguidamente en dous cumes ben individualizados, o Outeiro de San Marcos e o Pico de Castrelos. Pol-o leste e sul, o val Arnoian fica afastado do Limia por un forte erguemento, cuos principaes aicidentes son, o Monte do San Cibrao, de 915 metros; o do Furriolo, de 850 e o Monte Grande de Bandede que atingue os 1.000 metros.

Dende os puntos mais prominentes da cunca, o terreo baixa en escalóns con deba-

los dondos, deica chegar perto do río, onde as costas fanse pinas, apreixando a corrente que escoa n-un leito de grande estreiteza e fragosidade.

Toda ista terra alcóntrase percorrida por infindos regatos, sendo o mais importante o Sorga ou Ribeiro, que nacendo nas abas frías do Monte Grande, vai desaugar na Arnoia, nos termos da freguesia de Barxa.

A banda da direita do val que nos ocupa, atópase formada por estratos cristaiños, habendo nos fondaes algúns aluviós arcillentos e aparecendo moi abondosas as formazóns aluviaes de arcillas roxas e mareas misturadas con mica e con seixo miudo. Na banda da esquerda, sen fallar os gneis, hai mais fartura de pedra de grã, cuas penedías, dexerganse de preferenza por baixo do San Cibrao e o sul da vila de Celanova.

Pol-a sua outura meia (500 metros) e pol-o

xeito da súa agricultura, crasificase doadamente esta bisbarra entre as de meia montaña, con cultivos de centeo, patacas e millo e con bons prados e lameiros. Soio en algúns lugares baixos e ben espostos á raxeira do sol, precúrase a vide con certa intensidade e soio tamén nos outos do Furriolo e do Monte Grande, estése a serra ca súa alfombra de toxos, carpazas e pequenas carballeiras e cas súas searas severas, onde non campan os pendóns do millo.


Na banda da dereita, óllanse de preferenza, masas mestas de piñeiros e na da esquerda andan mais bastos os carballos e os castiñeiros.

En toda a bisbarra, agás nos macizos montesíos, inzase unha poboazón moi densa. Constitúena xentes de agradabel aspecto físico e de pequena estatura, entre a que se atopan moitos tipos loiros. O seu carácter é trouleiro e divertido; son tamén sinxelos e rutinarios e grandes visitantes dos países de alen mar.

Número 1

CASTRO DE TRELLE

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Barbadás e freguesía



de Sobrado do Bispo. Afastado 4 kilómetros de iste derradeiro lugar.

Está construído no cume dominante de un macizo formado por un fato de outeiros, que

sen dúbida por extensión, conecense co nome de Castros de Trelle e que corren por termos dos concellos de Barbadás, Merca, Toen e Cartelle.

A parte baixa de tal macizo, áchase polo sul e polo ponente, ben precurada de piñeirás, e polo norte e nacente, cóbrenas touzas e viñas das freguesías de Moreiras e Sobrado, mais o centro atópase ispidado de arborado e non ten outra vexetazón que as carpazas nos sitios outos e algunha herba e xuncos nos fondos lamazaes por onde corren nas invernías pequenos regatos. As abas dos outeiros son de costa lene e os cumes arredondados.

Dende o lugar do emprazamento do castro, a 600 metros por riba da xorfa do mar, o ollar espárese por unha paisaxe aberta, que colle estesos terreos dos vales do Miño e da Arnoia.

DEFENSAS.—É iste un castro de dous recintos, que se presentan ó xeito de dúas terrazas ovaladas, superpostas e concéntricas, cinguidas polos seus respectivos terraprens, de oito metros de outo o da cima e de seis o de abaixo.

Aparecen os taes terraprens cobertos de terra e sen ter por fora ningún sinal de muro, mais despois de practicar n-iles un corte de 50 centímetros de fondura, poídemos comprobar que no seu interior existe unha muralla de contenzón; case vertical, feita con cachote pequeno de pedra esquitosa, posta en seco no senso dos estratos, labrado na cara exterior e aparelado con tanto coído, que forma un paramento ben xuntado e liso. As murallas debían seguir sen dúbida por riba do chan ó xeito de parapeto, mais oxe non quedan de elas outros restos probabels, que os anacos de cachote espárexidos na superficie do castro.

Uns 30 metros por baixo do terrapren inferior, e soio polo banda careada ó norleste, vése unha área aplainada, como se alí houbera habido ou se houbera intentado a construción de unha terceira terraza.

MENSURAS.—As mensuras son as seguintes:

Primeiro recinto (Superior)
Do norte ó sul 112 metros.

Do leste ó oeste . . . 70 metros.

A distancia do primeiro ó segundo recinto é case constante e vai dos 46 ós 50 metros.

OBSERVAZÓNS.—Na área superfizal do castro e mesmo na terra que remeximos ó practicar as lixeiras esporazóns, atrás menzoadas, non descubrimos ningún alicerce de casa, nin xiquera un testó de xerra, nin de *tégula*. Non hai tampouco lembranza no país de que teñan aparecido no sitio nin ós seus arredores, obxetos arqueolóxicos. Soio na freguesía de Loiro, desviada do castro 3 kilómetros cara ó leste, foi atopado hai tres anos un tubo de barro romano, pertencente ó parecer, a unha condazón de auga, tubo que está oxe depositado no Museu da C. de Monumentos de Ourense. Iste dato fai matinar na existencia en Loiro de unha *villa*, quizais sucesora da acropolis castrexa nos tempos da domiñanza latina, sendo tamén de notar pra o caso, que a *villa* de Loiro figura entre as donadas no 5 de Maio de 1133 por Alfonso VII, o Emperador a D. Martiño, bispo de Ourense, pra ampriar o coto vello da cibdade (Florez, *España Sagrada*, volume, XVII, páx., 86) e asimesmo a construción de unha eirexa, case seguramente en 1110, eirexa que aínda está en pé e serve de parroquial. (E. Marquina, *San Martín de Loiro, B. de la C. de Monumentos* de Ourense, volume, III, páx., 241 e segs).

FOLKLORE.—Ó noso bon amigo D. Eladio Garza, veciño de Sobrado, debemos ista consella que il ouvíu ben veces dos beizos dos vellos.

«No Castro de Trelle hai dúas minas, unha de ouro e outra de alquitrán. O que atopa a mina de ouro faise rico, o que atopa a de alquitrán, se non morre abrasado pol-o seu lume, será pra sempre disgrazado e levará a disgraza ós seus parentes e achegados.

Un mozote de Sabucedo, freguesía situada o sul do castro, contanos ó seguinte:

«De unha vez un rapaz de Sabucedo, que andaba á gardar o gando, rañou c-un coite-lo n-unha peneda que hai no castro. Asin

que o fixo púxoselle diante un xigante moi grandísimo, con ollos de boi, que lle contou que na fonte mais perto da cerca había acobillados unha cabra e mais un cabrito de ouro.

O rapaz, aínda que tomou moito medo, contou no lugar o que lle pasara, i-entón foron homes que andiveron á medir, e viron que a tal fonte era unha que deita nas abas do sul e cavaron alí e non se sabe se atoparon algo ou non».

Un home de Pereira de Montes, freguesía raiana ca de Sabucedo refírenos iste caso que a il mesmo lle aconteceu:

«Andaba eu na sega en Castela, n-un lugar unha miga desviado de Madrí, que se chama Alcobenda, cando un señor de alí, home moi rico e dono de moitas terras, perguntoume que de onde era eu, e o responderlle que de perto de Ourense díxome.

—Quén poidera ir alá, por aqueles campos hai un castro que lle chaman de Trelle e n-il atuado moito haber e unha Virxe toda de ouro».

O mesmo informador asegurounos que o castro está oco por dentro e que sendo il neno, había no sitio un burato tan fondo, que as pedras que se lle botaban caían sen que se sentiran bater no cabo.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Xaime P. Colemán e Florentino L. Cuevillas).


Número II

OUTEIRO DE VIMIEIROS OU DE DONÍZ

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesía de Espiñoso. Ocupa o cume de un monte de 560 metros de altitude, que se ergue cara o leste e á menos de 1 kilómetro da aldea de Doníz.

Albíscase dende il a bisbarra rica en castros dos concellos da Merca e Celanova.

DEFENSAS.—O sistema defensivo do Outeiro de Vimieiros é complicado de abondo. Por baixo do recinto central, lixeiramente aplainado, e que conserva en moitos sitios vestixios de parapeto, óllase un aterro moi pino cuio altor vai dos 8 ós 16 metros. Ó pé de il, corre pol-o oeste e suloeste un soio foso, ben esmorecido ás vegadas. No noroeste os fosos duprícanse e ó emprincipiar a banda careada ó leste caduprícanse, seguindo de tal xeito deica o Sul, onde os



tres mais exteriores afástanse do outro, formando un antecastro de 25 metros de longura máisima, morrendo logo alí o mais exterior de todos, e indo os demais a xuntarencoco do interior.

De semellante dispositivo, dá unha idea aproisimada o croquis que acompaña ista papeleta.

MENSURAS.—De feitura case cadrada mede iste castro:

Do norte ó sul 156 metros.
Do leste ó oeste 150 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non paréz que o Outeiro de Vimieiros acochara no seu recinto central costruzóns de pedra. En troques o aterro que o cingue, estivo sostido por un muro que poidemes ollar ó descuberto en certos sitios onde recentes chuvias abriran un quenlle.

Convén facer resaltar a forma case cadrada do recinto interior, mais que semella así e todo ter recantos arredondados. Coidamos que iste feito moi pouco abondoso nas costruzóns castrexas galegas, foi adoptado pra poder abranguer na área fortificada algunhas penedías prominentes que por alí afro-ran e que en gran parte coinciden ca liña do parapeto.

No recinto interior apareceron hai pouco tempo algunhas tégulas.

FOLKLORE.—Un home da freguesía de Pereira de Montes cóntanos:

«En tempos o Outeiro de Vimieiros foi cidade de mouros, e de ela foron desbotados por mor de unha grande guerra que tiveron cos romanos.»

* * *

O Cabanelas, rapaz que xa nos informou encol do Castro de Trelle, refire:

«Na noite de San Xohan, sai no Outeiro de Vimieiros unha moura, que se pón por riba de uns penedos que hai na banda oeste do Castro. En canto se pón n-iles deita no sitio unha fonte, en cuia auga a moura lávase a cara e pentea os seus cabelos.

Ista moura ten encanto, e anque moita xente teña ido velar e a teña ollado sentada toda a noite penteando nos cabelos deica á mañá en que desaparece, ninguén pode agarrala, pois sempre que se tén intentado xurden cobras as moreas, que se non botan ás persoas, mais que meten moito medo. Semellantes cobras fuxirían si se souper o xeito de desfacer o encanto mais se non sabe i-é grande lástema.

De unha vez uns ingreses non dando tino das cobras quixeron agarrar a moura, i-entón armouse tan grande estrondo, que fuxiron arripiados e non voltaron ó sitio.»

* * *

Iste castro ten tamén as súas indispensábeis trabes de ouro e de alquitrán.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.


(Catalogado por Alfonso V. Monxardín e Florentino L. Cuevillas.)

Número III

A RODELIÑA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesía de Espiñoso. Costruído no cume de un outeiro cativo e coberto de piñeiros, que se ergue a 600 metros cara o suloeste do Outeiro de Vimieiros.

DEFENSAS.—Un cume aplainado con lixeiros vestixios de parapeto, un aterro de



8 á 10 metros de altura e restos de un foso que se fai ben patente na banda do leste.

MENSURAS.—De xeito circular mede:

Do leste ó oeste . . . 40 metros.
Do norte ó sul. . . 34 metros.

OBSERVAZÓNS.—Os terrapréns paréz que non tiveron muro de contenzón e que o parapeto era soio de terra.

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Alfonso V. Monxardín e Florentino L. Cuevillas.)

Número IV

OUTEIRO DE PAZOS

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesía de Espiñoso. Alcóntrase no cume de un monte que pertence ós lugares de Aulfe e Pazos i-equidistante de iles uns 400 metros.

Pol-o pé de iste monte e na banda do sul corre o río Arnoia i-está afastado pouco mais de 2 kilómetros da estrada de Ourense a Celanova.

DEFENSAS.—O monte onde se asenta o castro, ten as alas ben pinas e outas por todol-os aires, agás pol-o leste, mais por ista beira, a flebeza natural remediouse coa construción de un foso, que ten oxe 65 metros de longo por 7 de ancho, e de un parapeto do que quedan fortes vestixios.

No resto do outeiro e arredor das penedias que o coroan, áchanse os terreos aplainados, e pol-o oeste e pol-o sul, óllanse uns ó xeito de pequenos terrapréns que case se confunden co debalo natural.

MENSURAS.—De xeito ovalado mede:

Do norte ó sul . . . 102 metros.
Do leste ó oeste. . . 69 metros.

OBSERVAZÓNS.—O outeiro de Pazos, alcóntranse inzado de alicerces de casas, que eran asegún o que poidemos reparar nunha apurada escavazón, pequenas e feitas con cachote de grandor cativo.

Istes alicerces, aparecen mais bastos que en ningures, nas alas, principalmente na ala do sul, onde as habitazóns encolgadas na costa pina de aquela banda, baixaban deica bicar as augas da Arnoia, que alí mesmo debía estar atravesada outrora por unhas poldras de cuia cimentazón quedan aínda vestixios.


As tégulas e os imbrices atópanse fartamente en toda a área edificada i-entre elas achamos, algúns testos de cerámica á man, lisa e de tipo nididamente castrexo.

Pol-o conxunto de istes caracteres débese crasificar o Outeiro de Pazos entre os castros romanizados, mais conven facer notar que as casas e as tégulas aparecen de prefe-

renza fora do recinto fortificado, indicando que se construíran n-un tempo en que os fosos e aterros eran xa inecesarios, i-en que o castro tería xa perdido o seu caraiter guerreiro adequirindo en troques o mais pacífico de *villa*.

E ista derivanza sinálase aínda mais craramente se reparamos nas denominazóns dos dous lugares que oxe aproveitan os pastos e os esquilmos no Outeiro: Aulfe e Pazos, saído íste de *Palatium*, nome da *villa urbana* residencia do señor e aquil de Ataulfo, nome de un dono seguramente nos anos da repoboazón de Odoario (véxase a iste respeito, Alberto Sampaio, «As villas do Norte de Portugal» *Portugalia, vol., I, fas., 3.º páx. 288*) onde a derivanza Adaufe-Ataulfo aparez xustificada pol-a diplomática) e de cuio dono quedan, como imos ver lembranzas folklóricas.

FOLKLORE.—«No Outeiro de Pazos houbo tres reis, un de íles chamado Ataulfo, que



deixaron depositados os seus tesouros n-unha cova que hai na entrada pol-a banda do norte. Cando un de estes reis marchaba laiándose de deixar alí as suas riquezas, outro rei díxolle—Non te queixes hom que eu tamén deixei no sitio o meu haber.»

Iste relato que debemos a un veciño de

Espiñosa, tén aspeito de ser un anaco de outro mais longo, do que o noso informador non-os soupo dar notiza.

* * *

«Hai poucos anos un párroco de Espiñosa xuntou ós veciños e díxolles se querían ir todos, a desatuar o haber do Outeiro de Pazos. Dixeron que sí os veciños e o crego preparou pan trigo e viño pra lles dar, mais o mesmo día en que se fan pór ó traballo, enfermou e morreu deseguida.»

O caso é rigurosamente certo, mais todolos que nol-o referiron apuxeron a morte do abade ó poder máxico que garda o tesouro.

* * *

«Os tesouros están onde dito queda, e o primeiro que se atopa é un becerro que imita ser de ouro, e compre ter moito tino e non lle tocar pois si se fai o becerro que é de alquitrán arma un grande volcán de lume.

«Asegún o libro pra coller o tesouro convén ir c-un crego e andar con tino co que se dí ó entrar na cova, pois se ó ouvir o estrondo que n-aquil intre se arma, algún dí ¡Xesús! arde todo.

BIBLIOGRAFÍA. Inédito.

(Catalogado por Alvaro de las Casas, Leuter González Salgado e Florentino L. Cuevillas.)

Número V

A PENEDA DA LEBRE


EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello e freguesía da Merca, e a 500 metros de iste lugar cara ó leste.

Está no espolón dominante do monte púbrico, chamado Paradela, espolón en que remata o monte pol-o nacente.

O seu hourizonte é cativo, batendo logo o ollar no Outeiro de San Marcos e con outros cumes que arrodean unha estreita gándara, e onde se asentan como logo imos ver dous novos castros.

DEFENSAS.—Tén dous recintos concéntricos, cinguidos por terraprens, medindo

o do recinto superior 10 metros de outo e 7 o do inferior. Pol-o norte e pol-o leste, o límite de iste derradeiro, determíñase maamente, sobor de todo pol-o norte en que se confunde coa aba do monte que cai por riba da vereda que vai da Merca á Mezquita. En troques, pol-o sul e pol-o oeste, consérvanse aínda vestixios de un parapeto de terra.



MENSURAS. — De xeito oval mede o recinto interior

Do norte ó sul . . . 30 metros.
Do leste ó oeste . . . 45 metros.

A distancia entre os dous recintos é pouco mais menos de 40 metros.

OBSERVAZÓNS. — A detida inspección que fixemos do chán de iste castro, foi por comprobante negativa, non atopando ningún obxecto de intrínseco arqueolóxico.

FOLKLORE. — Non se chegou á acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA. — Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas.)

Número VI

OUTEIRO DE SAN MARCOS

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello da Merca, freguesía de San Pedro da Mezquita e desviado 1 kilómetro ó sueste de iste lugar.

Costruído n-un monte de abas pouco pinas. Óllase desde il, a chaira da Rabeda, a súa caída deica Ourense, e parte do val meio da Arnoia.

DEFENSAS. — O cume que foi aplainado

de intento, agás n-unha penedía que se ergue cara ó leste, está cinguido por un terrapren de 10 a 12 metros de outo. Unha escavazón recente e bastante fonda, que aparece n-un dos seus lados, non deixa ver ningún paramento nin xiquera pedras soltas, o que nos fai sospeitar se non tería endexamais muros de revestimento.


MENSURAS.

Do leste ó oeste . . . 107 metros.
Do norte ó sul . . . 82 metros.

OBSERVAZÓNS. — Na área fortificada, nin nas suas proximidades, non se ollan, nin pedras labradas nin tégulas. En troques ó pé do castro e perto de il téñense atopados moitos tellóns e ladrillos romanos.

Iste castro parez ter sido o pai protohistórico da freguesía de San Pedro da Mezquita, asento probabel de unha vila romana, e cúa antiguidade queda amostrada pol-o tumbo de Celanova (I, Ixiiij) en que aparece unha escritura do 986 ofrecendo ó dito mosteiro un vilar, «*Subtus Sancto Petro de Mezquita, territorio Bulale, sul, Castro Veines* (véxase Villaamil i Castro, *Iglesias Gallegas*, páxina, 265, Nota.)

Sábese tamén que houbo n-ista freguesía, unha eirexa construída con anterioridade ó século X e oxe conta c'un fermoso templo



románico (véx., Arturo Vázquez Núñez, *San Pedro de la Mezquita*, B. de la C. de M. de Ourense, vol., II, páx., 361 e segs.)

FOLKLORE. — Xosé María Rodríguez, natural da Merca e veciño de Faramontaos díxonos que o Outeiro de San Marcos era

obra de muros i-está todo il broqueado (oco) por dentro.

BIBLIOGRAFÍA.—Non sabemos se será iste castro o que Sanxurxo (*Los caminos antiguos y el Itinerario n. 18 de Antonino en la provincia de Orense*. B. C. M. Ourense, vol., II, páx., 340) chama Castro da Merca.


(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Número VII

OUTEIRO DE FONTEFRÍA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello da Merca, por riba mesmo do lugar de Fontefría, pertencente á freguesía de Proente. Separado do castro anterior por unha gándara estreita e desviado de il uns 700 metros.

Pol-o lado que se carea pr'a gándara ante-



dita, que é o do oeste, a aba do outeiro é curta, mais pol-o leste, o monte cai ben pino deica a Arnoia, cuio val albiscase dende alí n-un anaco longo.

DEFENSAS.—Un soio terraprén ó parecer sen muro e que non presenta sinais de parapeto. O outo de iste terraprén é de 8 metros.

MÉNSURAS.—A área fortificada ten as seguintes:

Do norte ó sul. 42 metros
Do leste ó oeste. 75 metros

OBSERVAZÓNS.—Non se ollan vestixios arqueolóxicos, nin poidemos recoller lembranzas de ter aparecido obxectos antigos.

FOLKLORE.—Luís Vilar, veciño de Olás, dixonos que iste castro fora obra dos carlistas.


BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Número VIII

A RODELA .

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello da Merca, freguesía de



Faramontaos e por riba do lugar de iste nome. Desviado 800 metros cara ó sul do Outeiro de Fontefría, aseméllaselle nas suas condizóns topográficas, pois pol-o oeste a aba do monte case que non se ergue de unha chaira barrenta que chega deica ó pobo de San Paio de Rabal, e pol-o leste cai na Arnoia, á que chega no sitio chamado «As Poldras do Pulido».

DEFENSAS.—Un soio terraprén de 5 a 8 metros de outo, ó parecer sen revestimento de pedra. Por riba de il hai lixeiros vestixios de un parapeto, e por baixo e soio n-algúns sitios, óllase unha lixeira depresión, indicio quizáis de un foso.

MENSURAS.—Mede:

Do norte ó sul 148 metros

Do leste ó oeste 115 metros

OBSERVAZÓNS.—Non se olla nin se sabe da aparición de obxectos arqueolóxicos. Tampouco sealcontran pedras soltas de abondo, pra supor a existencia de casas nin de parapetos de cachote.

Compre soio notar que o lugar de Faramontaos, figura xa no tumbo de Celanova, i-en documentos do século XI, baixo o nome de Faramontanos.

FOLKLORE.—Ouvín decir a varias persoas que o castro fora obra dos franceses.

BIBLIOGRAFÍA.—Citado por Díaz Sanjurjo (Art. e loc. cit.).

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Número IX

O MONTE DE CASTRO

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello da Merca, freguesía de Santa María de Olás. É un espolón granítico de abas pinas que caen pol-ó oeste en col do val da Arnoia, pol-o sul no regato de Feciñas, e pol-o norte e o leste, xúntanse xa moi abaixadas cas de outro outeiro que se coñece co nome, quizáis moderno de «O Piñeiral».

OBSERVAZÓNS.—Temos percorrido estes sitios ben veces e ben de vagar, sen ollar n-iles ren que se pareza á unha fortificazón protohistórica. Soio unha pequena terraza que hai na banda do oeste e perto do cume, fíxonos desconfiar, mais a súa catividade e o non seguir pra ningún dos lados e a mesma ausencia de terraprén, amostrounos que non se trataba de crara obra de fortificazón, senon quizáis de unha chaira feita por necesi-dás do cultivo.

Hai pois que ademitir, que iste castro, por non ter obras defensivas, é diferente dos ou-

tros catalogados e que aínda se afasta do concepto corrente da verba.

FOLKLORE.—A freguesía de Olás tivo denantes a súa cabeza en Vilariño, aldea formada pol-os lugares de Campos, Barreira, Pereiras e San Pedro, e parez ser que n-iste derradeiro radicaba a eirexa parroquial, tendose descuberto n'il restos de antigas sepulturas. Asimesmo San Pedro, debeu ser o patrón da primitiva freguesía e aínda existe unha capela a il adicada no lugar da Barreira, e alí faiselle novena e festa, que corre a cárrego de unha confradía. Pois ben, o folión de ista festa non se celebra, nin ás portas da capela, nin perto da eirexa parroquial. A xente toda ca música vai deica ó cume do castro, e alí botan os foguetes e alí alcenden fochas que poñen en dúas furas practicadas nas penedas que coroan o monte. É de notar que o camiño dende a capela de San Pedro ó castro é longo, pino e ruín, e que sempre que se inizou algunha oposición ó vello costume xurdíu de cote dos veciños de Olás, pobo axuntado á Vilariño, coido que no século XVI, e que está moi próximo ó pico do castro, namentras que os veciños de ista derradeira aldea defenderon rexamente, e ata de agora con éxito, o estilo tradicional do folión.

* * *

A unha leira que hai nas abas do monte vaise de noite e sin dar fala, á coller certas, herbas (non poidemos enteirarnos de cales son) que sandan moitas doenzas do gado.

* * *

No cume do Piñeiral, hai dúas penedas esmonadas, que afectan certa semellanza c-un sartego antropomorfo. Din que alí estivo o corpo de San Cibrao, e que a auga que encora no lugar que ocupou a cabeza, e que endexamais estiña, é boa pras doenzas dos ollos.

* * *

Por baixo do dito Piñeiral, xuntanse tres regatos e no cabo da chá chamada «A Pa-

rrueira» que pertence xa á freguesía de Corbillón, hai un penedo c-un burato redondo na cima. Pra remediarse do mal de ollo vai-se caladamente, sen dar xiquera unha fala, cóllese n-un xerro, auga de cada un dos regatos, e despois danse tres voltas, levando a auga na man, ó redor do penedo, rezando tres credos á cada volta.

A auga asin recollida hai que bebela, e aproveita o mesmo á persoa que a recolletu que á outra calquera.

O penedo de Corbillón debía ter tan fondas raíces, coma obxecto de culto, que un párroco, a quen conecemos e tratamos, benzouno, afondou o seu burato e puxô baixo da advocazón de N. S. de Lourdes.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Número X

O CASTRILLÓN

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Bobadela. É o punto dominante de unha pequena chá, que colle terreos das freguesías de Bobadela, Orga, Fechas e Soutomel pol-o nacente, norte e sul, e que pol-o ponente está cinguida pol-o río Sorga.

OBSERVAZÓNS.—Non se olla n-iste outeiro, formado por un afroramento de pedra de grá ningún vestixio de fortificazón, nin hai lembranza de que teñan aparecido n-il obxetos arqueolóxicos. Unha terraza achairada que ten na banda do oeste, foi feita pol-os pedreiros que dende tempo veñen arrincando pedra das canteiras do monticelo.

N-il houbo outrora unha capela adicada á San Amaro, da que non queda oxe en pé nin o mais pequeno resto. A imaxen do santo, que alí se veneraba, dixeronnos que fora trasladada á eirexa parroquial de Bobadela.

FOLKLORE.—Pese ós nosos inquéritos non poidemos acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).


Número XI

CASTRO DE BERREDO

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello da Bola, freguesía de Berredo, e desviado 400 metros cara o nacente do lugar de iste nome.

Está posto no cume de un monte isolado, que a mais de domiñar parte do val de Celanova, pecha un dos pasos de comunicazón do val da Arnoia co-as terras da Limia.

DEFENSAS.—O cume do monte está aplainado por compreto e arrodeado de un pequeno terraprán, revestido por un muro



de metro e meio de ancho, feito de cachote en seco. Iste muro afrora ainda á superficie n-algúns lugares, e debeu erguerse en parapeto en toda a volta do castro, agás n-aquiles sitios onde a penedía de grá forma unha excelente defensa.

MENSURAS.—De forma case circular mede:

Do leste ó oeste 100 metros.

Do norte ó sul 80 metros.

OBSERVAZÓNS.—No recinto castrexo non se ollan tégulas nin testos cerámicos, mais en troques no centro da área fortificada vense á fartura pedras labradas. Ista circunstancia parece denunzar n-aquíl lugar unha edificazón, cuíos alicerces poderían ser descubertos con pouco traballo.

O lugar de Berredo, co nome de *Berretum* ven citado en moitos documentos do Mosteiro de Celanova a cuío coto pertence.

FOLKLORE.—Non foi posíbel acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas e Senén Rodríguez).

Número XII

CASTRO DE MOURILLÓS

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Mourillós. No cume de un monticelo de altor flebe, situado no marxe dereito da estrada de Celanova á Allariz, e a menos de un kilómetro da primeira das ditas vilas.

DEFENSAS.—Vese tan soio o aplainado do cume, que se nota sobor de todo na direición norte ó sul. Pol-o leste os traballos de cultivo non deixan precisar con esaititude o borde da prataforma.

Non hai vestixios de fosos nin de parapetos. O mesmo terraprán confundese agora co-as abas do monte.

MENSURAS.—Dexeito seguramente oval e moi alongado, apreciándose malamente a lonxitude do eixe pequeno, pol-a circunstancia denantes indicada. O valor da cifra correspondente dase en secuencia como aprosimado.

Do norte ó sul 65 metros.



Do leste ó oeste 35 metros.

OBSERVAZÓNS.—Nada dino de ser notado, ollamos n-este castro. Tampouco nos diron razón do achadego de obxetos arqueolóxicos.

FOLKLORE.—Antonio Ríos Peaguda, veciño de San Lourenzo de Cañón (Celanova), conta que:

«Lêu n-un libro portugués, que no outeiro de Castro de Mourillós, había un grande *haber*, que estaba encantado e gardado por unha *témera* que tiña o corpo de lión.

Aconsellaba o libro que pra coller o tesouro fórase ó castro sen volver a vista atrás e



levando acochado n-un saco, un gato negro. Ó sair o lión e perguntar ó visitante que se lle ofrecía, precisabase ceibar o gato, pra que a *témera* se entretivese co-il ou o come-se, e na íntre había que cavar forte e apresra pra desatuar o *haber*»

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Senén Rodríguez e Florentino L. Cuevillas).

Número XIII

O FURRIOLO

EMPRAZAMENTO.—No cume do monte do Furriolo, un dos que fan a divisoiira en-

tre os vales da Arnoia e do Limia. Pertence á provincia de Ourense, concello da Bola e freguesía de Santa Baia, e na marxe esquerda da estrada de Ponte das Poldras á Pontevedra.

DEFENSAS.—Consta de un recinto principal e de un pequeno antecastro situado na banda do sul e cuio ancho máximo é de 21 metros. O recinto principal óllase cinguido por un terraprán de 2 metros de outo, con fortes vestixios de estar revestido por unha muradella de cachote. Pol-o norleste e pol-o



leste dexérganse con craridade restos de un parapeto e pol-o norte un lixeiro afundimento do terreo denunza a existencia de un antigo foso. O antecastro moi ben aplainado, determíñase en todo o seu desenrolo por un terraprán de 5 metros de outo.

MENSURAS.—Mede o recinto principal:

Do norte ó sul. 83 metros.

Do leste ó oeste. 125 metros.

O ancho máisimo do antecastro dixemos xa que é de 21 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non ollamos por ningures alicerces de casas nin tégulas nin cerámicas.

FOLKLORE.—Soio poidemos acadar que o castro é «cousa de mouros».

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Fermín Bouza Brey, Senén Rodríguez e Florentino L. Cuevillas.)

Número XIV

OUTEIRO DE RUBIÓS

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de San Lourenzo de Cañón i-en terreos raianos cos do concello de Verea.

Chámanlle co-aquil nome á un fato de tres outeiros, situados n-unha meseta, outa, estesa i-espida de arboredo que remata o monte que levando as denominazóns de *Monte da Neve*, *Monte Puxares*, etc., érguese ó sul e por riba mesmo da vila de Celanova, indo despois a xuntarse cos devalos das serras do Vieiro, das Motas e de Penagache.

OBSERVAZÓNS.—O sinxelo esame do terreo non amosta siñas de obras de fortificación, soio espaxados pol-o chán óllanse cachotes que indican ter pertencido á vellas edificacións.

N-unha quebrada estreita, que se desina co nome «da dos Santos», aforan os alicerces de unha antiga capela adicada á Ascensión, que foi derrubada aínda non hai un século, aproveitándose os seus materiaes pra erguer unha nova ermida, que baixo a mesma advocazón, existe oxe ó pé de un dos lugares da parroquia. Á veira da capela derrubada, celebrábase en tempos unha romaxe ben soada en moitas légoas á redonda.

En toda a área do Outeiro de Rubiós, non se ollan tellas antigas nin modernas, así mesmo os eidos que o cinguen son case que todos comunás, parecendo indicar estes datos que a despoboazón de aquiles lugares debeu verificarse hai moito tempo.

Mais o que millor falou a prol da antiguidade das ruínas de Rubiós, foi o seu folklore que ten caracteres por compeito castrexos.

FOLKLORE.—Informan Antón Peaguda,

de San Lourenzo de Cañón e un seu veciño cuio nome non acadamos.

«No Outeiro de Rubiós houbo unha grande cidade chamada San Salvador ou Cachiquimbra, nome que aínda leva unha parte do monte.

Ista cidade foi atacada pol-os romanos ou pol-os franceses que estaban no castro do Furriolo. Emprinciou o ataque c-un grande *fuego*, sostido dende o propio Furriolo apesares da distancia de dúas légoas que os afasta, pois é sabido que os antigos tiñan milliores armas e de mais alcance que as nosas. Fóronse despois acercando os nemigos a Cachiquimbra, puxéronlle sitio e remataron por destruíla, morrendo dos da vila 11.000 *mártires*, e dos atacantes mortos tamén.»

* * *

«Cando os sitiadores estaban xa ô pé da vila, uns soldados foron pousar unha miga á beira de unha poza, que aínda existe, e sentáronse n-unha, que coidaron trabe, que estaba deitada no chán. Pouco tempo durara a pouxa, cando sentiron rebulir a trabe, e viron con espanto que era unha serpe grandisma que despois de beber na poza quedara adormiñada. Disparáronlle os seus fusiles, mais tiña tan duro o coiro que as balas non lle entraban; i-entón foi cando un dos soldados mandou que colleran un anaco de carne e que o prenderan no cabo de unha corda. Feito isto, déronlle a carne á serpe i-en canto lle entrou nas gortex ataron a corda á un penedo, e a serpe morreu no instante mesmo.»

«De entón é que chaman á poza *A Poza da Serpe*.»

BIBLIOGRAFÍA. — Hübne (CIL., 2.519) ô falar da estatua de guerreiro galego que tiña a inscripção, ADRONO. VEROTI. F, dí tirándoo de Castella Ferrer (Hist. de Santiago, f. 159, v.) que ista estatua fora atopada no Castro de Rubiás non lonxe de Aránxo e do Mosteiro de Celanova.

Ceán Bermúdez (Sumario de las antigüedades romanas que hay en España, páxina 218) dí:

«Castro de Rubiás o Rubión, castillo antiguo en la provincia de Orense, distante una legua al norte de la iglesia de Santa Comba. Se encontró en él una estatua de piedra, de hombre, vestido con un sayo largo y con los brazos y piernas desnudos. Tenía en las manos un escudo redondo con estas letras en derredor: ADRONO. VEROTI. F.»

Hai que convir en que a identificación entre o lugar citado por Castellá e Ceán e o Outeiro de Rubiós non é doada. Os dous lugares que levan o nome de Aránxo, pertencen ô concello de Lovios e distan de Celanova mais de 30 kilómetros. Por outra parte a distancia entre o Outeiro que nos ocupa e a eirexa de Santa Comba é superior a 15 kilómetros, mais tendo en conta que Rubiós queda entre Celanova e Aránxo e ô norte de Santa Comba e que por outra parte, non hai en toda a bisbarra ningún nome que se imite mais á Rubiás ou Rubión, coidamos que foi no xacemento catalogado onde apareceu a efixie de Adrono fillo de Veroto.

(Catalogado por F. L. Cuevillas.)

Número XV

O CASTROMAO

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Castromao, e ô ponente e por riba mesmo do lugar de iste nome, do coal queda desviado uns cen metros.

Atópase construído no cume de unha montana longa i-estreita que dende Celanova vai rubindo cara os termos de Acevedo e Vilameá.


DEFENSAS.—A natureza penedenta da montana impediu, sen dúbida, aplainar de xeito uniforme o cume do castro, cinguíndose os seus construtores á achairar unha especie de anel, de ancho variabel entre 12 e 15 metros, ô redor da penedía central, partindo do borde exterior de iste anel un terraprán case vertical, outo de 18 á 20 metros, revestido por un muro, feito de cachote seco, ancho de 2 metros, que afrora aínda pol-o nor-

te e pol-o oeste, amostrando que outrora de-beu erguerse en parapeto.

MENSURAS.—O Castromao é de forma case circular e mede:

Do norte ó sul. . . . 150 metros.
Do leste ó oeste. . . . 130 metros.

OBSERVAZÓNS.—Temos practicado n-iste castro a apertura de dúas zanzas esporatorias; a primeira ó longo do terrapén onde puxemos ó descuberto o muro a que



denantes nos referimos, e a segunda cortando de través un dos lados do anel aplainado, no que afondamos máis de un metro, asoellando os obxectos que van reproducidos na figura 1,

Trátase como se ve de catro anacos cerámicos, pertencentes, tres ó borde e un ó fondo de outras tantas vasixas feitas de terra marela abrancazada, torrada con moi escasa uniformidade e abundantemente incrustadas de graucifios de seixo. O grandor de semellantes vasixas debía ser considerabel, podéndose calcular que o fondo de unha de

elas (fig. 1., núm. 4) tería de diámetro trece centímetros.

Iste mesmo tipo de cerámica témolaalcontrado na citania de San Cibrán das Lás e foi desinado como «grandes vasixas de paredes grosas, boca ancha e borde pouco revirado». A identidade entre os eisemprares da dita citania e os do Castromao, establécese non soio pol-o perfil dos bordes (fig. 2., números 1, 2 e 3), senón tamén pol-a calidade da terra e pol-o seu coor e groso que vai de 5 a 13 mm., amostrando a falla de estrías regulares a técnica de fabricazón á máñ.

O outro obxecto (fig. 1, n.º 5) é un machadiño de ferro, moi comesto pol-o oxido, e c-unha fura central de 2 centímetros de diámetro. Dexérgase ben aínda sobor de todo n-un dos cabos o fio do gume, aparecendo n-outro menos acusado.

Respeito da natureza e destiño de iste instrumento, coidamos que pode pôrse en comparanza cos machados guindadeiros coñecidos na panoplia céltiga co nome de *cateias*. En efecto, a pequenez e cativo peso de iste machado parez escriuir toda idea relativa ó seu emprego pra uso corrente de ista crás de utieis e por outra parte a súa utilizazón coma martelo queda descartada pol-a presenza dos gumes, que son-por demais estreitos e afiados pra servir de ferramenta á un canteiro.

Parécenos pol-o tanto o mais seguro, que o machadiño do Castromao fora empregado coma arma pra guindar. Temos diante os ollos reproducións de *cateias* atopadas en Ornavasso i en Sant-Michael (Carniola), que pol-o seu grandor aseméllanse moito á atopada por nós, anque a súa forma de un soio gume mui desenvolto fagan que se imiten máis á outro machado atopado no castro de Troña (Mondariz) (Vex. L. Pericot e I. Pargapondal, «La Temporada». Mondariz, 29 Xulio 1928.)

No recinto cercado do Castromao nonalcontramos ningúns vestixios de habitazóns permanentes que se teñen atopado, en troques ben bastos, nas ortas que arrodean o lugar de Castromao, en forma de muros de casas, tégulas e moedas de difrentes emperadores romanos e aínda hai pouco tempo

ô construírse un camiño veciñal que vai de Celanova á Acevedo pasando por baixo mesmo da croa do castro, asoelláronse grande número de tégulas que tivemos ocasión de ollar.

e á pesares de elo estaba gordo que daba xenio velo. Mais cando chegou o tempo e a dona quixo facer a matanza o porco desapareceu da corte e nunca mais soupo de il cousa ningunha.




FIG. 1

Na freguesía onde radica o castro apareceu tamén unha pedra miliaria do emperador Carino de que logo nos ocuparemos.

FOLKLORE.—«Unha veciña de Castromao, tiña un porco que total-as mañáns en

«No Castromao hai atuadas a cadea, a lámpara e a reixa da Raíña Moura.»

BIBLIOGRAFÍA.—Citada por Barros Sibelá (*Antigüedades de Galicia*, páx., 186). Trata alí de indentificar iste castro co *Castro Manuario* citado pol-o Ravenate. Fai tamén referencia a alusións acadadas no *Libro Gótico*, de Celanova e na «*Celanova Ilustrada*».

Debe ser o *Castro Mago* de que fala Ceán Bermúdez (*Sumario de antigüedades...* páxinas 218 e 220 e no que dí que eisten «ruínas de población romana».

(Catalogado por Xulio Rodríguez e Florentino L. Cuevillas.)




FIG. 2

canto lle abrían a corte marchaba pra o castro e non voltaba deica a noite. Desconfiou a veciña se os mouros lle daban mantenza, pois o animal non comía nin miga na casa

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Vereá, freguesía de Ourille e a 300 metros cara ô sul do lugar de San Vicente.

* * *


Número XVI

CASTRO DE OURILLE

O río Sorga, afluente da Arnoia bica polo sul e polo oeste o pé do monte onde se asenta o castro.

DEFENSAS.—Ten un soio recinto de forma case circular, cinguido por un terraprén, cuio revestimento de cachote óllase aínda n-algúns lugares. Non é doado o determinar a caída de ista defensa que se confunde ca natural do monte, que ca forte pendente mede de 35 a 28 metros nos distintos lugares da sua volta.

Non se conservan por ningures restos de parapeto.



MENSURAS.—Mede iste castro:

Do norte ó sul 60 metros.

Do leste ó oeste 48 metros.

OBSERVAZÓNS.—Pol-a banda do noroeste eisiste unha forte penedia que coincide co linde da área aplainada, e por baixo de ela ábrese unha especie de prateria

de 28 metros de ancho que quizáis sexa unha prolongazón en antecastro das obras defensivas.

Sinálase no recinto terminal a aparición de numerosas *tégulas*.

FOLKLORE.—Unha muller chamada Marixohana conta:

«A miña nai era de San Vicente e téñolle ouvido, que no castro hai por baixo da terra unha plaza grande e mais abaixo aínda sarillos e devanadoiros de prata.»

«De unha vez foron ó castro uns homes na compañía de un crego. Levaban co-iles un libro e un cabrito branco cos dentes negros e unha vela. Denque leron no libro e alcenderon a vela, *abríronse as portas* e apareceron moitos cabalos revoltados.»

«Entón faláron dende dentro e dixeron:

—Aquietade, quietade.»

«E despois faláronlle ós homes.

—«Que queredes?»

—«Queremos diñeiro.»

«E traedes prenda?»

«Iles no intre botáronlle o cabrito.»

«Despois de iste sucedido foron uns rapaces, apañaron as pingotas de cera que caíran da vela, puxéronlle unha torcida e alcendérona. De aquela abríronse de novo as portas entraron pra dentro algúns rapaces, mais de súpeto pechouse a porta e pra sacar de alí ós rapaces houbo que ir buscar os homes que foran desfacer o encanto.»

Emilio González dono de unha mera situada no castro contounos que tiña ouvido decir que por baixo do aplainado do remate había campos e unha eirexa.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Fermín Bouza Brey e Florentino L. Cuevillas.)

CONSIDERAZÓNS ARQUEOLÓXICAS

CANTIDADE DE CASTROS.—A densidade castrexa da terra de Celanova é flebe.

No val de Vilamarín, país tamén típico de meia montana, rexistráronse once castros,

nos termos de trece freguesías (1) e na bisbarra agora catalogada non alcontramos mais que dazaseis espallados nas xurisdicións de corenta e dúas parroquias. Esprica quizais iste feito a natureza vizosa e rica do outo val do Barbantiño, terra de chans lenturentos e abundosa en pastos e a maior probeza do val meio da Arnoia, mais fragoso, mais seco e con correntes de auga á camiñar de cote no fondo de estreitas quebradas, debéndose notar á iste respecto, que na freguesía de Espiñoso, moi poboada e rica na actualidade, érguense tres castros; os de Vimieiros, Rodeliña e Outeiro de Pazos, circunstancia verdadeiramente notabre e que en poucas ocasións se repite.

Coidamos pol-o tanto, que os factores económicos teñen na distribución xeográfica dos castros unha decisiva importancia que seguramente patentizará a intensificación dos traballos catalogadores, amostrando que a densidade castrexa aumenta en razón directa da fertilidade e boas condicións pr'a vida de cada territorio.

O de Celanova, sen ser probe na súa totalidade, abrangue no seu borde setentrional rexións emparentadas cas dos cotos do val do Miño, que deben hoxe a súa relativa prosperidade á un cultivo compretamente histórico na Galicia, como é o da vide, e no nacente e sobor de todo no sul, alcóntrase flanqueado por fortes erguementos montesíos, onde a poboazón nunca debeu ser mesta, abondando ô noso xuízo a menzón de todas istas particularidás, pra espricar o excesivo espallamento dos castros na terra obxeto de iste fascículo.

EMPRAZAMENTOS.—Son os normales e correntes en todol-os países onde existen acrópoles protohistóricas. Quer decir, que as de Celanova, érguense de cote no cume de montes ou monticelos de altor variabre, mais escolleitos pol-o xeral entre aquiles que presentan abas mais pinas e mais ceibes dos debalos de outros montes.

Non parecen ter sido preferidos os cumes de cotas fortes, pois soio tres castros, os de

Trelle, San Marcos e Furriolo están postos nos soás prominentes das divisoiras de augas; os dous primeiros na do Miño ca Arnoia e o terceiro na de iste río co Limia, i-en cumes que atinguen respectivamente, 600, 570 e 750 metros sobor da xorfa do mar. As restantes estazóns rexistradas, construíronse en outeiros de cota flebe anque de encostas pinas e sempre perto de torróns far-turentos ou pol-o menos de boa produción.

Un feito chocante na localización dos castros da terra de Celanova é o de apareceren sete de iles axuntados en dous fatos tan apreixados, que o camiño á percorrer entre os mais afastados de cada un, non chega a dous kilómetros. Forman o primeiro grupo os de San Marcos, Peneda da Lebre, Outeiro de Fontefría e a Rodela de Faramontaos que se sitúan ô redor de unha chán carpacenta do monte de Paradela, e o segundo, os de Outeiro de Pazos, Outeiro de Vimieiros e Rodeliña, tan prosimos istes dous, que os seus fondás case se tocan.

Temos que confesar que non alcontramos espricazón satisfactoria pra tal fenómeno, e que soio unha serie de escavazóns metódicas, podería pôr en craro si se trata de castros habitados sucesivamente, ou de unha veciñanza circunstancial debida á unha federación ou alianza.

FEITURA E GRANDOR.—Compre sinalar n-iste apartado o tipo rectangular, pouco frecuente do Outeiro de Doniz ou Vimieiros, Construído n-un monte de cume arredondado e de forma idéntica ôs da maioría da bisbarra, non se esprica que circunstancias especiais do emprazamento, obrigarán a empregar unha feitura desusada. Quizais poida ista aporse en parte o desexo de abranguer na liña de parapeto algunhas penedías que por alí afroran, alcanzando regular outura, mais non coidamos ista razón, satisfactoria de abondo. Parécenos arriscado por outra parte atribuir a súa construción a unha raza distinta a que ergueu os demais castros. Pra ser o Outeiro de Vimieiros acampamento de tropas romanas, fallalle regularidade e fallalle a indicazón das portas, sobrándolle en troques o antecastro e o foso exterior da banda do

(1) Véxase o 1.º fascículo de iste Catálogo.

leste, nos que se conservou a traza curva acostumada nas estazóns castrexas galegas.

Queda pois aquí en pe un pequeno problema, pra cuia solución soio podemos apuntar o dato de que a xuntanza dos castro muros rectos, parece estar resolta pol-o sistema de recantos arredondados, que tanto se prodiga nas casas coadradas e rectangulares das citanias.

Pol-o que toca á extensión das áreas fortificadas hai que sinalar o grandor considerable do Castro de Trelle 212 X 170 metros, e a cativeza dos de Mourillós e da Rodeliña 65 X 35 e 40 X 34 metros, facendo notar tamén que o promeio das áreas dos outros castro catalogados é de 125 X 110 metros aproximadamente, e nidiamente maor ca rexistrada no Val de Vilamarín, que anda arredor dos 90 X 60 metros, feito que ven amosstrar que as colectividás preromanas da terra de Celanova eran numericamente mais fortes que as de aquela bisbarra.

DEFENSAS.—Os tres elementos defensivos dos castros galegos, terrapréns, valos ou parapetos e fosos, dispoñense pol-o xeral nos de Celanova do xeito mais sinxelo. Os de Castromao, Rodeliña, Outeiro de San Marcos, Outeiro de Fontefría, Rodela, Berredo e Mourillós, presentan soio a plataforma do remate cinguida por un terraprén, que a maor parte das veces está craramente amparado por un muro de cachote en seco. O foso que debía precedelo e os valos que de seguro o continuaban, atópanse case sempre cegados e derrubados, non podéndose rastrexar os seus vestixios mais que na Rodeliña, na Rodela, no de Fontefría e no de Berredo.

Dentro asimesmo dos castros de un soio recinto, o Outeiro de Pazos, diferenzase dos devanditos por ter o seu sistema defensivo, disposto na forma especial que chaman os franceses de *eperon barrée*, forma moi pouco abundosa na Galicia, e da que sealcontra en troques abastanza na terra zamorán de Aliste (1), espriándose a rareza do caso, pol-o emprazamento da acropole, posto no

cabo de unha soá montesía, de abas pinas e soio acésibre pol-a banda do leste, que foi a que se cortou c-un forte muro e un ancho foso, quedando o demais do perímetro protexido pol-a súa fortaleza natural e quizais por unha cerca da que non poidemos dexergar a traza.

De pranta mais complicada son os Castros de Vimieiros, Furriolo e Ourille, que ostentan a prolongazón en antecastro, tan corrente sobor de todo nas bisbarras de Deza e Vilamarín. O de Vimieiros é tamén dino de ser notado particularmente por ser o único da terra de Celanova que presenta unha reduplicazón de fosos, que se desenvolve da maneira que deixamos espriçada na papeleta correspondente.

O Castro de Trelle e a Peneda da Lebre cas suas duas plataformas, do remate, unha e anelar a outra, entran por comprobante dentro do tipo de dobre recinto, dos que hai fermosos exemplares na terra de Deza (Goiás, Don Ramiro) na de Caldelas (Castrinho da Cerca) e nas imediações de Compostela (Castro de Figueiras).

AS PORTAS.—O estado de ruína en que sealcontran os muros e os fosos dos castros celanovenses, partes do sistema defensivo onde con maor nitidez pode albiscarse o dispositivo das entradas, fai que non poidamos apuntar n-iste apartado ningún novo dato, decindo tan soio que nos terrapréns ren observamos que poidera ser relazoado cas devanditas entradas.

Insistiremos pol-o tanto nos puntos de vista espostos ó catalogar os castros do Val de Vilamarín, á prol da crenza de que os terrapréns debían estar atravesados por estreitos pasadélos ou escaleiras (semellantes á unha descuberta na citanía do monte de Santa Trega) e hoxe seguramente acochadas pol-os materiais desprendidos do parapeto e do mesmo terraprén.

O ABASTECIMENTO DE AUGAS.—Nada ollamos nos castros catalogados, que se imite a fonte, puzo nin reservoiro de augas. Dous de iles o Outeiro de Pazos e o de Ourille alcóntranse situados respectivamente en col mesmo dos ríos da Arnoia e do Sorga, cuias correntes poderían fornecerlle segura-

(1) Véx. Gómez-Moreno - *Catálogo Monumental de España, Provincia de Zamora*.

mente auga de abondo en días de paz, mais tal abastecimento coidamos que doadamente había ser estorbado ou impedido por unha tropa sitiadora que tal cousa se propuxera.

AS HABITAZÓNS.—De todol-os castros de ista terra samente en dous se atoparon restos de casarellas de pedra. Son estes; o de Berredo, que ten no meio da área fortificada, moreas de cachote e o do Outeiro de Pazos, onde os alicerces andan á fartura.

Apesares de elo non nos atrevemos a incruir ningún dos dous no número das citanias, pois os cachotes do Castro de Berredo óllanse soio no centro da prataforma e á beira dos muros do parapeto e por contra os alicerces das casas non o froran por ningures i-en canto ó Outeiro de Pazos, cas suas casopas, ó parecer de pranta rectangular estas non samente na superficie fortificada, senón tamén, e por certo en grande cantidade, na caída do monte cara a Arnoia, fan matinar millor n-un poboado romano desenvolto n-unha acrópoles preromana, que n-unha pequena cidade indíxena.

OS OBXETOS ASOELLADOS.—Son estes as cerámicas e o machado do Castromao, e as *tégulas* descubertas ó pé da coroa de iste castro e nos de Ourille, Outeiro de Pazos e Vimieiros.

As cerámicas do Castromao, pol-o seu perfil, pol-a pasta, pol-o groso dos testos e pol-a fabricazón á man paralelizanse doadamente con outros restos de grandes vasixas castrexas, principalmente cas descubertas na citania de San Cibrán das Lás, tan imitantes ás que nos ocupan, que semellan saídas do mesmo taller de oleiro.

En canto ó machado que pol-a súa pequenez e disposición dos gumes mais parece arma guindadeira que instrumento de traballo, atravesemos á crasificalo entre as *cateias*, armas céltigas, das que apareceu un esemprar probabre en Troña (Mondariz) (1), que sealcontran nas culturas do ferro das estazóns de Ornavasso e de Sanct-Michael (Carniola) e das que faloron Servius (Ad

Aeneida, VII, 741) e San Isidoro (Origenes XVIII, 7).

En resume o mesmo material posthalls-tattico misturado mais ou menos de elementos romanos peculiar da civilización dos castros.

OS CASTROS SIN VESTIXIOS DE FORTIFICAZÓN VISIBRES.—Son tres, coma xa queda espoto; o monte do Castro, o Outeiro de Rubiós e o Castrillón, que prantean un probrema intresante e de resolución pouco doada cos datos fornecidos por unha sinxela proinspezón dos lugares.

Pol-o que toca ó monte do Castro e ó Outeiro de Rubiós, non coidamos imposible que con algúns lixeiros traballos de esprorazón se chegaran a descubrir os alicerces das suas murallas, mais o caso é por compreto distinto no Castrillón, monticelo remexido fundamente pol-os pedreiros, e onde non apareceu ren que teña relación ca arqueoloxía. Á qué deberá o seu nome? Á semellanza da súa forma natural ca forma dos castros verdadeiros? Poderá ser, anque a existencia da antiga capela derrubada, que menzoamos na papeleta, non deixe un campo pra matinar n-un vello culto alí localizado e cuia lembranza fuxiu arestoras ata das zonas, tan grandemente conservadoras, do folklore.

A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS.—A terra de Celanova é na actualidade moi probe en mámoas non podéndose sinalar outros grupos de elas, que os do Vieiro (1) e os do monte de San Cibrao (2), postos na divisoiras da Arnoia co Limia e bastante alonxados das acrópoles castrexas.

No onomásticoalcontramos samente o lugar da Medorra, situado ó pé do Monte do Castro. Da mámoa ou medorra pareceunos albiscar algún vestixio n-un souto prosimo ó lugarciño de tal nome.

E compre que agora nos fixemos no feito

(1) L. Pericot e I. Parga Pondal - *Castros de los alrededores de Mondariz - Balneario*, La Temporada, de 29 de Sant-Yago de 1928.

(1) Díaz Sanjurjo - *Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino*, B. C. M. O. vol., II e III.

(2) Arturo Vázquez Núñez, *Estudios protohistóricos. Las mámoas*, B. C. M. O. vol., I, páx. 334, 1994 e F. L. Cuevillas, *As mámoas do Concello de Rairiz*, B. R. A. G. número 178, 1925.

de apareceren obxectos de procedenza romana nas proximidades ou nos mesmos castros obxecto de iste estudo. Olláronse, en efecto tégulas, ó pé da croa do Castromao e do Outeiro de San Marcos e dentro das áreas fortificadas dos Outeiros de Pazos e de Vimieiros e do Castro de Ourille; non lonxe do Castro de Trelle asoelláronse restos de unha *villa* romana, consistente en tubos de barro pra condúzón de augas, e por derradeiro, a uns cincuenta metros de Castromao atopouse un miliario de M. Aurelio Carino que foi rexistrado por Vázquez Núñez co número 34, entre os epígrafes da sua crás (1). Iste miliario non é o único que aveciña os castros celanovenses e asin, en San Lourenzo de Cañón, por baixo do Outeiro de Rubiós sinalan Hübner e Vázquez Núñez (2) o achádegos de outro adicado a Constancio II.

Convén advertir que toda ista bisbarra de Celanova está alonxada en mais de 20 kilómetros, nos lugares mais pretos, da vía 18 do Itinerario de Antonino a coal non poden pertencer en secuencia nin os miliarios devanditos, nin outro aparecido en Barxiña, (3) a 3 kilómetros do Outeiro de Pazos e a 4 do Monte de Castro e adicado ó emperador Caracalla. (4)

Pertencían en realidade istas pedras á unha vía transversal, cuia esistentenza denunciou Vázquez Núñez (5) e que partindo da mansión de *Aquis Querquenís* (Porto Quintela) (6) seguía por Cadós, onde os fundamentos de unha ponte, un edículo posiblemente romano e a lápida *Medamus Arcisi. F.* (7) dan testimoio do seu paso, pra marchar despois por Cañón e por baixo de Castromao, á coller en Vilanova un trazado moi semellante ó que leva hoxe no *trozo* de Ourense á Celanova, a estrada de Portugal, traiecto, onde os achádegos de moedas e outros obxectos de época romana, son frecuentes. Dende Ou-

rense, onde sealcontraron as lápidas números 25 27 e 25 26 do C. I. L., quizais seguirá a vía pol-a beira esquerda do Miño, e non, pasado o Miño pol-o Val de Vilamarín, cara Lugo, como supuxeron Vázquez Núñez e Díaz Sanxurxo (1) pois en abono de ista direzón non hai outro argumento que unha pedra cilíndrica e sen epígrafe, de Gustey e arriostando aquela outra hipoteses están os epígrafes 16 e 20 de Vázquez Núñez, aparecidos respectivamente, nos lugares ribeirás do Miño, de Reza e Alongos e os restos romanos atopados entre os lugares de Astariz e A Cava liña i-en Troncoso (2) do Concello de Castrelo de Miño.

A esistencia de ista vía secundaria desprendida da 18 do Itinerario, abonda pra espricar os fenómenos de romanización que se observan nos Castros de Celanova.

Canto mais se observa e se descobre na arqueoloxía galega, adquirese mais forte convencimento de que os elementos da cultura latina non mataron nin escriuiron ós elementos indíxenas, se non que soio se misturaron co-ilas en certa proporzón de intensidade diversa. A misturanza foi mais forte, e con notabre diferenza nas proisimidás das vías, abondando pra amostralo a destribuzón xeográfica da epigrafía, esceptuando de ela, como é natural as pedras miliarias.

Temos detallada ista destribuzón no anaco da antiga *Gallaecia* que hoxe abrangue a provincia de Ourense e as resultanzas non poden falar mais outo á prol do noso parecer. De 46 epígrafes, á que ascenden os publicados; 29 están á menos de tres kilómetros da vía número 18 de Astorga a Braga, 2, a moi pouca distancia da fronteira portuguesa e do camiño que seguía a vía número 19; 3, n-unha vía transversal que partía de Chaves, e Támeiga arriba, metíase no val de Monterey, onde existen dous miliarios que lle pertencían; 4, no anaco de Porto Quintela a Ourense, da vía que denantes nos ocupou; quedando soio 8, Fora dos roteiros itinerarios, e ainda algúns de iles (os de Vilaboa, Armea e Reze) alonxados menos de 5 kilómetros.

(1) Vázquez Núñez-Epigrafía Latina de la Provincia de Orense, B. C. M. O. vol., III n.º 63.

(2) C. I. L. n.º 4852. V. N. op. cit. n.º 21.

(3) Foi iste miliario o que diu orixe á localización trabucada de *Cauca* na Galiza.

(4) Hübner C. I. L. 4876 e 6235; V. N. op. cit. n.º 30.

(5) Op. cit., nos comentarios ó devandito miliario, B. C. N. O. vol., I n.º 8.

(6) F. L. Cuevillas. *A mansión de Aquis Querquenís*, revista NÓS 1924.

(7) Hübner C. I. L. 2520. V. N. n.º 4.

(1) Ops. cit.

(2) B. C. M. O. *Noticias*, vol., I n.º 8, 1898.

CONSIDERAZÓNS FOLK-LÓRICAS

Pra meirande craridade, e tamén uniformidade d'iste Catálogo dos Castros Galegos, iremos eiquí seguindo o mesmo orde que temos seguido no estudo do folk-lore dos da bisbarra de Vilamarín, fascículo primeiro d'iste traballo, pondo por separado as especialidás que s'atopen, que sempre as hai.

OS HABITADORES DOS CASTROS.—Son unha dúcia os castros da parte de Celanova de que temos recollido algún folk-lore. D'esta dúcia, en catro somentes dise d'un xeito termiñante que seña cousa de mouros (Outeiro de Vimieiros, Outeiro de San Marcos, Furriolo e Castromao). E aínda somentes d'un hai propiamente notiza de qu'os mouros sigan vivindo n-il: o Castromao. Mesmamente, istes mouros son da caste especial en col da que xa temos chamado a atenzón: son mouros que *comen porco...* É o úneco caso da que temos chamado *leenda míteca* dos mouros. Hai, é certo, unha moura encantada no Outeiro de Vimieiros, mais esta moura, coma pol-o demais case total-as da sua caste, ten mais de fada nórdica que de devota do *Zancarrón*. Esta moura do Outeiro de Vimieiros ten o caraute enganoso e fuxidío das ondinas e das serenas, é unha Loreley galega, semella compretamente indo-europeia. É, coma houbera dito un ocultista da escola oriental, un *maya* da noite, coma si fora un engano astral da lua. E por si fora pouco, aparece na noite dos misteiros, na noite sagra de San Xohan. Os seus paralelos atópanse abondo no noso folk-lore, no de Portugal e mais no d'Asturias: é a *xana* asturián (véxase C. Cabal, *La mitología asturiana, Los dioses de la vida*, Madrid, 1925, páx. 71 e segs. e Aurelio del Llano, *Del folk-lore asturiano, Mitos, supersticiones, costumbres*, Madrid, 1922). Cabal establece a relación da *xana* con *Diana*, deusa que na Edade Meia convirteuse en demo, posto que xa San Martiño Dumense fala dos qu'adoran *as dianas nas devesas* («*in silvis dianas*», *De correctione rusticorum*, citado por Cabal, lib. cit. páx. 116). A icta de San Martiño Dumense é proba da

eisistencia do mito na Galiza do seu tempo, e que é o mesmo mito, dío a conservanza do nome n-Asturias. O nome semella eisistir na Galiza en masculino; Cabal cita no seu apoio a Rodríguez López, *Supersticiones de Galicia*, Madrid, 1910, páx. 173. Efeitivamente, evacuada a cita, atopamos: «Los fantasmas, que en algunos puntos llaman *xas*, van a los molinos á meterse con la gente á las heredades á robar el fruto y á las cuerdas á ordeñar á las vacas». Non temos nin unha outra notiza do emprego d'iste nome. As *xanas* chámansc eiquí doncelas ou mouros, com'a que nos ocupa.

Os outros casos semellan pertencer á que temos chamado *leenda histórica* dos mouros. No mesmo Outeiro de Vimieiros dise termiñantemente que foron botados d'alí pol-os romanos, cos que tiveron grande guerra. A versión non deixa de ser importante pr'a teoría por nós sustentada da identificazón dos mouros cos habitantes pre-romanos da Galiza.

Mais eiquí atopamos outros habitantes que non son mouros: un xigante (Castro de Trelle), tres reis (Outeiro de Pazos) unha *témpera* (Castro de Mourillós), indeterminados (Outeiro de Rubiós). Todo isto é merecente de menzón especial; eiquí somentes insistiremos en que *non sempre son mouros* os habitantes dos castros: moitas veces a *trasposición* da leenda se non verificou, e a leenda ficou mais perto da versión míteca orixinal.

OS TESOUROS.—Hainos en Trelle, Vimieiros, Pazos, Mourillós e Ourille. A versión do que oi falar en lonxanas terras dos haberes acochados no Castro da sua freguesía, repítese no de Trelle. Ren temos qu'engader o dito o falarmos dos de Vilamarín.

No de Trelle hai que ter en conta dúas formas de presentarse o haber: cabra e cabirto d'ouro e Virxe d'Ouro. As dúas solen ser atopadas en moitos casos. A cabra e o cabirto son os que responden sen dúbida á tradición mais antiga, embora poidérase achar contaminada co-a do Becerro d'Ouro da Bibria

xa que moitas vegadas, o tesouro ten tamén a forma esa. Tocantes á Virxe d'Ouro, debeu ser posta no canto d'outra imaxe, sen dúbida d'un ídolo. É lóxico que nos tesouros dos pagaos s'atopen ídolos de metal precioso; ora, a leenda medieval aponlle tamén ós mouros o teren ídolos: nas historias dos Doce Pares de Francia, fálase d'unha estatua de Mahoma qu'había na torre ond'estiveron Oliveros e outros dous pechados con Floripes, filla do almirante Balán, sitiados pol-as tropas d'iste, das que se defenderon os cristiaos guindándolles anacos do ídolo que desfizeran, despois de teren convertido a Floripes. Na *Crónica de Turpín* fálase do *Ídolo de Mafomete* tamén de ouro que había en Cádiz (lembianza cecais do tempo de Mel-Kart). Coidamos ser esta a espricazón mais doada.

A TRABE D'OURO.—Voltámola topar, en compañía da d'alquitrán, no Outeiro de Vimieiros; no de Trelle, son dúas *minas* en lugar de trabes; no de Pazos, o alquitrán preséntase en figura d'un becerro (véxase o dito no parágrafo anterior), que semella ser d'ouro a primeira vista. Remitímonos ó dito no primeiro fascículo d'iste catálogo.

OS GARDIÁS DOS TESOUROS.—No Castro de Mourillós, o tesouro áchase custodiado por unha *témpera*...

Perguntado ó informador en col de que caste de cousa era a *témpera*, semella que respondeu que tiña algo así coma corpo de león, e que en resumidas contas, era cousa «que puña medo», un monstro.

Non sabemos arestora cal é a orixe d'esta verba, nin si compre relacioala co latín *tímeo*, temer ou *temere*, temeramente, ou co verbo *témero*, emporcar, emponzoñar. A idea dende logo pódese referir a calquera d'iles.

A *témpera* non é, de total-as maneiras, cousa d'iste mundo. Pódese entreter botándolle un gato negro. Tamén esta é cousa d'abondo repetida n-estas historias; de cote o inxenio humano atopa engados pra vencer os encantos. Moita parte do contido da maxia consiste n-estas artimañas. É com'aquíl mortal que pr'entrar vivo nos infernos, ponse unha pelexa de león e leva unha

lira, pra qu'o Cancerbeiro pense que é Hércules ou Orfeu. Tamén o Cancerbeiro podía se adormentar c'unha torta ou vica que se l'ofrecía. Mais eiquí é un gato negro, o qual, co murícego, a curuxa, o corvo, o sapo, pertence á goecia ou máxia negra: é das bestas preferidas das bruxas, e o demo colle moitas vegadas a súa aparencia.

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.—N-esto atopamos eiquí algunhas cousas intresantes. Temos cinco referenzas de desencantamento ou obtenzón do tesouro: Trelle, dúas no Outeiro de Pazos, Mourillós, e Ourille.

En tres casos, o procedemento é tradicional do desconxuro: un crego que en compañía d'algús homes vai faguer o desencantamento. N-un dos casos, referente ó Outeiro de Pazos, o crego morre o mesmo día en qu'iban principiar os traballos: as forzas ocultas gardadoras do tesouro ferírono enantes de que puxera en xogo o seu poder d'exorcista.

Na outra versión referente ó mesmo Castro, aconsellan que se non diga o nome de Xesús. O demo, pol o tanto, anda no meio. É esta unha das cousas que mais á miúdo se repiten.

No caso d'Ourille, o crego e os veciños, armados de libro, vela e un cabirto branco cos dentes negros (en certas versións do *Libro de San Cipriano* aconséllase tamén o sacrificio do cabirto—eiquí branco, ou seña, limpo coma *hostia pacífica*, co detalle torto e goético dos dentes negros), van faguel-o desencanto, e semella que conseguiron que s'abrirá o subterráneo.

Notaremos a mistura do cristiao no crego e nos desconxuros, co pagao do sacrificio (pagao, anque poida ter tamén forte lembranza xudaica: a lei antiga e a lei nova concurrindo á grande obra máxica).

Os rapazes que recollendo a cera da vela ritual, armaron unha pra entraren na cova eficaz dentro pechados, presentannos unha aventura *d'aprendiz de bruxo*: a inesperancia e o estrevemento punidos pol-a tremenda lóxica oculta, que tanto asombrara a Chesterton. É merecente d'estudo o concepto popular da xustiza que estas historias reve-

lan, xustiza automática e mecánica—com'o *Karma*—que garante os *tabús* e salvagarda o *sagrado* en total-as relixiós primitivas. (En col d'iste asunto, pódese ver: Wundt, *Völkerpsychologie*, e Levy-Bruhl, *La mentalité primitive*).

Os outros dous casos son diferentes: no de Trelle, o xigante indica o sitio do tesouro, e semella que non hai mais que cavar.

No de Mourillós hai que gardar certas precaucións pra se librar da témera qu'o custodia.

O XIGANTE.—Veleiquí un caso que s'asemella ben ô d'Aladino, tan universalmente espallado e coñecido. O xigante que sen mais dí onde está o tesouro aseméllase ô *djinn* do conto d'Aladino, pro ainda mais o xeito d'evocalo: rañando na peneda coa navalla, com'Aladino fregando na lámpada ou no anel; nos dous casos é un rapaz ñorante d'estas cousas o que descobre o tesouro... El haberá eiquí contamiñazón ou lembranza incoscente? Non tería ren de particular qu'os nosos peisanos referiran a historia d'Aladino, xa tal coma é xa, *acculturada*, con detalles e persoaxes galegos. Ten moito mais que tal historia s'atope localizada, com'está esta. A semellanza é curiosa, mailo conto é tan breve, que non semella d'abondo co que hai pra desbotarmol-a hipótese d'unha invención independente.

Pol-o demais, non é iste o úneco xigante qu'atopamos nas nosas leendas localizadas, proba qu'a creenza n-elas estivo algún día espallada, que non son os mouros os únecos habitadores dos castros e que por baixo d'iles fican os restos d'unha mitoloxía ben mais antiga. Rastreal a é unha das angueiras que ten diante o folk-lore galego.

Non temos precisión de lembrar eiquí por miúdo o rol dos xigantes nas mitoloxías nórdicas, nin as creenzas en razas de xigantes antigos habitadores da terra.

OS BURATOS DEBAIXO DA TERRA E O MUNDO SUBTERRANEO.—O castro de Trelle está oco por adentro, e o burato é tan fondo que se non sinten caír no cabo as pedras qu'alí se botan. Tamén o está o Outeiro de San Marcos. No d'Ourille tamén s'abriu un subterráneo.

Non hai castro, castelo nin penedo raro na nosa Terra, do que non digan que ten unha saída ou camiño por debaixo de terra. A xente ademais, eisaxera de cote a fondura dos puzos, alxibes e buratos, das minas, etcétera, supondo que chegan á moita distancia. É esta unha idea constante e ademais universalmente espallada: o interior da terra pecha pr'os homes misteiros maravillosos.

No Castro d'Ourille faise ademais alusión crara á un mundo subterráneo: por baixo do castro hai campos e unha eirexa. Isto ten relación en pirmeiro termo coas tradizós de *vilas asolagadas* (Carregal, Doniños, Maside, Antioquía na Limia, etc. etc), anque tamén se fala de vilas *soterradas* n'outros lugares.

Eiquí temos sen dúbida algo relacioado co-a *terra de Befiun* das leendas bárdicas, co-a *Raiña do reino subterráneo* das Mil e Unha Noites, co-a tradizón mogola do *Reino d'Agharti*, de que fala Ossendowski, que ten comunicazón con total-as galerías que van por debaixo da terra, etc. Dixérase unha tradizón universal, caxque uniforme, que non se sabe que fundamento podía ter, coma non sexa o que o costume d'enterral-os mortos por unha veira faga supor qu'iles viven outra vida debaixo da terra, e os achádegos arqueolóxicos pol-a outra confirmen a creenza na eisistenza d'ise mundo. Así e todo, non semella espricazón suficiente.

No mesmo mundo subterráneo poñen as mitoloxías nórdicas e mais a Kabala do século XVI o reino dos gnomos, que traballan o ouro e as pedras preciosas. Pode haber tamén lembranza das poboazós troglodíticas.

OS TRES REIS.—Viviron istes tres reis no Outeiro de Pazos. Poden representar, asegún insinuou Cuevillas n-unha conferencia, as tres razas sucesivamente donas d'aquela terra: Celtas galaicos, Romanos e Xermanos (fundado esto derradeiro na conservación do nome d'Ataulfo, que poidera ter sido o dono ou señor do dominio ou *villa* fundamento da freguesía autuzl, a qual tería sido enantes posesión d'un clán que te-

ría erguido o Castro). A leenda, non embarcante, fainos vivir a un tempo, e deixar soterrados os seus tesouros cando se foron, com'os mouros da Crónica de Turpín, e do soado pergamiño de Don Gutiérre d'Altamira, no Ciprianillo.

Hai eiquí sen dúbida contamiñación de dúas leendas, das que a segunda conservando os nomes antigos, suplantou á primeira. Despois, coñécese que tamén os nomes se foron esquecendo e non quedou mais qu'o d'Ataulfo, d'abondo pr'abrir camiño a hipóteses ben fundadas, que outras leendas análogas poden vir confirmar.

Compre ter en conta qu'istes qu'eiquí damos non son mais que avances, pois unha sistematización do folk-lore dos castros non e posíbele namentras se non teña recollido o de todo os castros e lugares semellantes de Galiza, e posto en comparanza con todo o outro folk-lore.

A CIBDADE DE CACHIQUIMBRA.—É sumamente curiosa a historia que refiren do

Outeiro de Rubiós, e elo poidera ser lembranza d'algún feito histórico. O nome de *Cachiquimbra*, non poidera ser lembranza d'algunha—*briga* céltiga? Non quixeramos aventural-a hipótese, mais o certo é qu'o mesmo tratamento fonético sofreu *Conimbri-ga=Coimbra*. A mención dos romanos axuda tamén a pensalo. Confirmao o achádego da estauta de guerreiro galego c'unha iscripción con nome indíxena.

Tocantes ô episodio da serpe, poidera ser un antigo totem da cibdade? Tamén é dino de mención o xeito de matala c'un cacho de carne, que semella algo com'a violación d'un tabu que pesara sobr'esa carne.

O FOLIÓN.—O caraute sagrado do monte do Castro en Olás aparez sinalado polo costume de ter n-il o folión de San Pedro, e o caraute curativo das herbas que se colleu na aba.

En col do folión, compre ver Murguía, en *Galicia*, no capídeo que adica ás tradizós populares.



